

PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE BIODIVERSIDADE

Artigo 1.-Obxecto

O obxecto deste prezo público é o cobramento pola participación en actividades dentro do Programa de Biodiversidade.

Artigo 2.- Obriga de pagamento

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas que se inscriban en actividades convocadas polo Concello no eido dos diferentes proxectos de Biodiversidade, nas que se sinala que son de aplicación os presentes prezos públicos.

Artigo 3.-Importe

As actividades, de xeito xeral, impartiranse na modalidade presencial. Ademais poderanse convocar actividades que inclúan unha excursión dunha xornada.

Prezos de inscrición para actividades:

- O prezo por actividade de carácter xeral será de 8 euros.
- O prezo por actividade con excursión dunha xornada será de 10 euros.

Prezos de inscrición para actividades para persoas NON empadroadas en Culleredo:

- O prezo por actividade de carácter xeral será de 10 euros.
- O prezo por actividade con excursión dunha xornada será de 12 euros.

Artigo 4.- Condicións de acceso para cada actividade

É requisito imprescindible que a persoa que solicita inscribirse nunha actividade estea empadroada no Concello de Culleredo.

Excepcionalmente poderá admitirse inscricións que non cumpran este requisito e sempre que haxa prazas vacantes. Neste caso aboarán os prezos estipulados nesta ordenanza para persoas non empadroadas en Culleredo e non lles será de aplicación ningunha das bonificacións do apartado 5 da mesma.

Por último, as persoas solicitantes que fiquen sen praza, pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda desde a que se irá accedendo a actividade, no caso de haber baixas.

Artigo 5.- Bonificacións

Serán beneficiarias de bonificación as persoas empadroadas nas seguintes situacións:

- Persoas desempregadas inscritas como demandante de emprego no SEPE.
- Persoas con certificado de grao de discapacidade igual ou superior a un 33%.
- Persoas que sexan maiores de 18 anos e estean en posesión do carné xove.
- Persoas maiores de 65 anos.
- Familias con carné de familia numerosa.

Para cada unha das persoas que se atopen nalgunha das circunstancias anteriormente sinaladas e estean en condicións de xustificalo documentalmente, os prezos por actividade serán os seguintes:

Prezos de inscrición bonificado para actividades:

- O prezo por actividade de carácter xeral será de 6 euros.
- O prezo por actividade con excursión dunha xornada será de 7,50 euros.

No caso das persoas NON empadroadas en Culleredo non lles será de aplicación ningunha das bonificacións reguladas.

Artigo 6.- Nacemento da obriga

O nacemento da obriga producirase coa publicación da lista provisional de admitidos en dita actividade con independencia do día en que se inicie a participación na actividade. O pagamento realizarase no período establecido na respectiva convocatoria.

Artigo 7.- Xestión

A modalidade de pago será a través de ingreso bancario do xeito que se especifique na convocatoria de cada actividade, e no período fixado para a inscrición na mesma. No xustificante de ingreso deberán figurar os apelidos e nome da persoa interesada, o número do DNI/NIE e a denominación da actividade na que se inscribe.